Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

Modelo MD85PRO01

Programación

Centro: CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Materia/disciplina: CONXUNTO INSTRUMENTAL

Curso: 2026 - 2027

Índice

1 Introdución....4
2 Metodoloxía....6
3 Atención á diversidade....7
4 Temas transversais....7
4.1 Educación en valores....8
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)....8
5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas....9
6 Secuenciación do curso....10
6.1 Curso: 1º de Grao Profesional....10
6.1.1 Obxectivos 1º curso....10
6.1.2 Contidos 1º curso....10
6.1.3 Avaliación 1º curso....11
6.1.4 Medidas de recuperación....14
6.1.5 Recursos didácticos....16
6.2 Curso: 2º de Grao Profesional....17
6.2.1 Obxectivos 2º curso....17
6.2.2 Contidos 2º curso....17
6.2.3 Avaliación 2º curso....18
6.2.4 Medidas de recuperación....20
6.2.5 Recursos didácticos....22
6.3 Curso: 3º de Grao Profesional....23
6.3.1 Obxectivos 3º curso....23
6.3.2 Contidos 3º curso....23
6.3.3 Avaliación 3º curso....24
6.3.4 Medidas de recuperación....27
6.3.5 Recursos didácticos....29
6.4 Curso: 4º de Grao Profesional....30
6.4.1 Obxectivos 4º curso....30
6.4.2 Contidos 4º curso....30
6.4.3 Avaliación 4º curso....31
6.4.4 Medidas de recuperación....34
6.4.5 Recursos didácticos....36
7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica. .37
8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento. . . .37
9 ANEXOS....38
9.1 Probas de acceso a outros cursos....38
9.1.1 Probas de acceso a outros cursos do Grao Profesional....38
9.2 Criterios para a obtención dos premios fin de grao....39
9.3 Repertorio orientativo por especialidades....40
9.4 Rúbricas de avaliación continua (avaliacións trimestrais)....44

9.5 Rúbrica de avaliación puntual (para o caso en que a avaliación continua non sexa posible e para a ampliación de matrícula).....48

1 Introdución

Esta programación didáctica ten como principal finalidade a de adaptar e concretar os Obxectivos Xerais de Grao Profesional, así como os específicos da materia de CONXUNTO, propostos pola administración aos diferentes cursos destas ensinanzas, tendo moi presentes as características propias do centro onde se levará á práctica, así como do ámbito xeográfico, sociolóxico e cultural onde este se enmarca. Para iso indícanse en cada un dos cursos unha relación de contidos, recursos e criterios de avaliación, ademais dunhas pautas en canto á súa secuenciación temporal orientadas á consecución dos obxectivos propostos, e os criterios e ferramentas para a súa avaliación.

A Materia de Conxunto constitúe un espazo de formación de primeira orde para experimentar e aplicar as habilitades adquiridas na clase de instrumento da especialidade, os coñecementos adquiridos en todas as materias e, por outra banda, responder a un conxunto de necesidades educativas do alumnado de música que difícilmente poden ser atendidas se non é a través desta disciplina. Entre outras cousas, cumpre unha función decisiva no desenvolvemento do oído musical en tódolos seus aspectos, é o medio idóneo para desenvolver o sentido da afinación, a homoxeneización da articulación, a planificación dos golpes de arco ou a respiración nos instrumentos de vento, e é imprescindible para a maduración musical no terreo da expresividade. A práctica instrumental resulta así entendida non só como a adquisición dunha complexa técnica e a progresiva formación duns criterios musicais propios, senón tamén como unha ferramenta de relación social e de intercambio de ideas entre os propios instrumentistas.

Por outra parte, favorece a presenza activa do alumnado nas agrupacións que, xunto co coro, a orquestra ou a banda, implican maior proxección do alumnado na programación cultural do centro e da cidade.

- Marco legal

A normativa e os documentos legais que regulan as ensinanzas de música en Galicia e que se tiveron en conta para a elaboración desta programación didáctica pódense consultar na web da Consellería de Educación edu.xunta.gal. Enlace: Normativa das ensinanzas de música

- Plans de reforzo

Coa finalidade de traballar na mellora das posibles carencias e dificultades do alumnado que así o precise, o profesorado disporá, cando sexa posible, dun tempo dedicado a actividades de reforzo dentro do seu horario. Nestes casos informarase ás familias e o profesorado recollerá no caderno de aula tanto as carencias detectadas, os contidos que se abordarán, como as ferramentas empregadas dentro da aula de reforzo.

- Outros aspectos de aplicación práctica desta programación

Como non pode ser de outro xeito, para a impartición desta materia distribuirase o alumnado en grupos instrumentais ao comezo do curso, e sempre en función das posibilidades en canto a dispoñibilidade de profesorado, espazos do centro e

existencia de repertorio adecuado para cada grupo, buscando o maior aproveitamento pedagóxico para os alumnos e alumnas.
De xeito habitual no CMUS Profesional de Santiago a Materia de Conxunto organízase en varias agrupacións e ensembles que participan nos concertos tanto dentro como fóra do centro, e son: conxunto de percusión, conxunto de metais, ensemble de fagotes e oboes, ensemble de clarinetes, ensemble de saxofóns, conxunto de frautas, orquestra de guitarras, conxunto de pianos, conxunto de violíns, conxunto de violas, conxunto de violoncellos e conxunto de contrabaixos.
Algunhas destas agrupacións poden permitir, incluso fomentar a participación de outro alumnado, das especialidades correspondentes, na procura dun óptimo aproveitamento da materia e dunha maior colaboración entre os alumnos. De feito, a Materia de Conxunto impártese en moitos casos en agrupacións xa consolidadas e que moi habitualmente implican a todo o alumnado do Grao Profesional.

2 Metodoloxía

Con carácter xeral primaranse os máis produtivos, como son a resolución de problemas por parte do alumnado ou o descubrimento guiado, nos que se busca unha maior implicación do mesmo no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os estilos máis directivos, como a asignación de tarefas, tamén serán utilizados en función da área tratada, a natureza dos contidos, a dificultade dos mesmos e o grao de consecución dos obxectivos relacionados.

Procurarase, se fose necesario, que cada alumno e alumna tomase conciencia da importancia das tarefas recomendadas para a súa realización na casa, xa que se fai imprescindible para a súa correcta evolución dentro das ensinanzas musicais.

Do mesmo xeito, reforzarase en todo momento a motivación do alumnado, o que facilitará a mellora do seu rendemento e a adquisición duns correctos hábitos de estudo, entre outros aspectos.

- Principios metodolóxicos xerais:

Actividade e participación: daremos ao alumnado un papel activo na súa aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas), a dos seus compañeiros e compañeiras (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos) e a avaliación dos mesmos (autoavaliación e coavaliación).

Motivación e autoestima: no comezo e final das sesións procuraremos realizar unha explicación ou reflexión que leve ao alumnado a unha maior implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as que non o sexan mediante distintos mecanismos de realimentación nos que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.

Aprendizaxe significativa: de acordo coa concepción construtivista da aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os doutras materias (interdisciplinariedade), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.

Principios de globalización: o tratamento dos contidos obxecto da aprendizaxe estruturarase de forma interrelacionada dentro de cada curso e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos) afondando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes e respectando así a evolución do alumnado e a súa aprendizaxe.

Personalización e atención á diversidade: para o deseño desta PD tívose en conta a heteroxeneidade do alumnado de cada grupo – clase. Nesta mesma liña, adaptarase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe do alumnado (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas).

Interacción: fomentarase a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumnado – alumnado (traballo en grupo, ensinanza mutua, coavaliación), alumnado – profesorado (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (acción titorial).

3 Atención á diversidade

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na súa páxina web. Enlace: conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos

4 Temas transversais

Os contidos transversais son esencialmente actitudinais, responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo. Tomando como referencia o Decreto que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécense os seguintes elementos transversais:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
- Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Fomentarase a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

4.1 Educación en valores

A clase de grupo reducido permite que a relación profesorado-alumnado sexa directa, o cal aumenta en certo sentido a influencia do primeiro sobre o segundo. Será importante a supervisión constante do comportamento do alumnado en temas tales como a igualdade de xénero, tolerancia coas diferencias, respecto cara os compañeiros, comportamento cívico e sensibilidade cara a cultura en xeral.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regulalas e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

- Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así como calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.
- Non se permite o uso na aula ou fóra dela de ningún programa ou aplicación informática que recompile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET, e as súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
- Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recompilen nin fagan uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
- Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recompile ou faga uso dalgún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
- No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fóra do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Centro, tanto audicións ou concertos públicos coma calquera outra actividade de promoción das ensinanzas que poida ser de proveito para o alumnado.

En calquera caso as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro, ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.

6 Secuenciación do curso

Esta materia impártese para todas as especialidades nos cursos de 1º e 2º do Grao Profesional e nas especialidades de piano e guitarra tamén nos cursos de 3º e 4º do Grao Profesional.

6.1 Curso: 1º de Grao Profesional

6.1.1 Obxectivos 1º curso

a) Coñecer os estilos musicais e os recursos interpretativos de cada un deles.
b) Amosar control do propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra.
c) Respectar as normas que esixe toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.
d) Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
e) Ampliar a variedade de gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.
f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
g) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
h) Iniciar unha autonomía progresiva para a improvisación co instrumento.
i) Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.
j) Interpretar obras representativas do repertorio do conxunto instrumental de dificultade axeitada ao nivel do grupo.

6.1.2 Contidos 1º curso

- A unidade sonora na interpretación en conxunto: respiración, afinación, vibrato, golpes de arco, articulación, ritmo, fraseo, fiato...
- Equilibrio sonoro na interpretación musical en grupo: planos sonoros, dinámica, acompañamento... (mínimo esixible)
- Traballo de agóxica e dinámica en conxunto. (mínimo esixible)
- Control da sonoridade e da afinación. (mínimo esixible)
- Desenvolvemento da igualdade de ataques.(mínimo esixible)
- Lectura a primeira vista de pequenos fragmentos da partitura (mínimo esixible)
- Estudo e/ou práctica dos xestos anacrúsicos básicos necesarios para tocar sen director/a.
- Traballo gradual do repertorio básico máis salientable da agrupación correspondente.
- Práctica de conxunto da agrupación correspondente.
- Análise e interpretación das obras do repertorio.

- Audicións comparadas de diversos intérpretes e análise crítica das características das diferentes versións.
- Práctica da repentización en obras con pouca dificultade.
- Participación en audicións e concertos como parte imprescindible da formación musical do intérprete.

6.1.3 Avaliación 1º curso

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Criterios de avaliación

No 1º curso priorízanse a adquisición dos fundamentos instrumentais e a integración básica na agrupación. Espérase que o alumnado participe con regularidade e poida seguir as indicacións esenciais do ensaio.

1. Asiste regularmente aos ensaios, xustifica as faltas e chega puntualmente co instrumento, a partitura e o material necesario.
2. Mantén unha postura funcional e aplica os recursos técnicos básicos do instrumento en pasaxes adecuadas ao nivel, sen interromper habitualmente o conxunto.
3. Mantén o pulso en pasaxes sinxelas e atende ás entradas, aos finais e ás indicacións básicas da dirección.
4. Produce un son controlado nas pasaxes traballadas e realiza correccións básicas de afinación cando recibe indicacións.
5. Segue a partitura do repertorio ensaiado e localiza a súa parte para retomar a interpretación tras unha pausa ou un erro.
6. Escoita as demais partes en momentos sinxelos e adapta o volume ou o tempo cando se lle indica.
7. Respecta as normas de ensaio, as quendas e o traballo dos compañeiros, e participa nas actividades propostas.
8. Prepara a súa parte co apoio docente, incorpora as correccións principais e amosa unha evolución ao longo do trimestre.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Considerararanse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise do nivel técnico e dominio do instrumento a nivel individual e de grupo.

b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción titorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizados na materia.
- Probas puntuais de nivel nos casos en que non sexa posible tocar en público ou o considere necesario o profesor/a.

Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación de 1º curso

- **TRABALLO INDIVIDUAL E DE CONXUNTO (70%)**:
  - TÉCNICA DO INSTRUMENTO E TRABALLO INDIVIDUAL (14%): Mantén unha postura funcional e aplica os recursos técnicos básicos do instrumento nas pasaxes traballadas. Prepara a súa parte co apoio docente e incorpora as correccións principais.
  - LECTURA DA PARTITURA/LECTURA PRIMEIRA VISTA (14%): Segue a partitura do repertorio ensaiado e identifica notas, ritmos e indicacións básicas. Localiza a súa parte para retomar a interpretación tras unha pausa ou un erro.
  - AFINACIÓN E CALIDADE SONORA (14%): Produce un son controlado nas pasaxes traballadas e procura manter unha afinación adecuada. Realiza correccións básicas cando recibe indicacións.
  - RITMO, ARTICULACIÓN, EMPASTE, ESTILO (14%): Mantén o pulso en pasaxes sinxelas e respecta as articulacións principais. Atende ás entradas, aos finais e ás indicacións básicas da dirección, procurando coordinarse co grupo.
  - ESCOITA E INTEGRACIÓN NO GRUPO (14%): Escoita as demais partes en momentos sinxelos e segue as indicacións para adaptar o volume ou o tempo. Respecta as quendas e contribúe á continuidade do conxunto.
- **INTERPRETACIÓN (20%)**: Interpretación das obras traballadas en audicións e concertos públicos, audicións internas ou gravacións. *No mínimo esixible, o alumnado mantén a obra ata o final, resolve pequenos fallos sen abandonar a interpretación e conserva a atención durante toda a peza.*
- **ACTITUDE E INTERESE POLA MATERIA (10%)**: Asiste regularmente, xustifica as faltas e chega puntualmente co instrumento, a partitura e o material necesario. Respecta as normas de ensaio e o traballo dos compañeiros, e participa nas actividades propostas.

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá

demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dunha parte ou fragmento a elección do profesorado

Parte B) Interpretación da parte individual das obras programadas para o curso. Se o alumno/a ten outra proposta de repertorio deberá consultala previamente co profesor/a para decidir se é válida para o curso.

Parte C) Interpretación no grupo das obras traballadas durante o primeiro trimestre do curso. O aspirante deberá realizar esta proba nunha sesión de clase de conxunto interpretando ditas obras/pezas dentro da agrupación correspondente. Se o alumno/a ten outra proposta de repertorio deberá consultala previamente co profesor/a para decidir se é válida para o curso.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B): Interpretar a parte individual correspondente das obras/movementos programadas para o curso. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, articulación e fraseo. (40% da puntuación)
- PARTE C): Interpretar dentro da agrupación correspondente as obras ou movementos propostos utilizando xestos adecuados, empaste sonoro, afinación, dinámicas e articulación unificada ao grupo, reacción ás indicacións dos compañeiros da agrupación así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.(40% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante Rúbrica B publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas considerararanse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora,

principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dunha parte ou fragmento a elección do profesorado

Parte B) Interpretación da parte individual das obras/movementos traballadas en clase ata ese momento.

Parte C) Interpretación en grupo nunha sesión de clase as obras/movementos traballadas ata ese momento.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B): Interpretar a parte individual correspondente das obras/movementos traballadas en clase ata ese momento. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, articulación e fraseo. (40% da puntuación)
- PARTE C): Interpretar dentro da agrupación correspondente as obras/movementos traballadas en clase ata ese momento, utilizando xestos adecuados, empaste sonoro, afinación, dinámicas e articulación unificada ao grupo, reacción ás indicacións dos compañeiros da agrupación así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.(40% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante Rúbrica B (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá

demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dunha parte ou fragmento a elección do profesorado

Parte B) Interpretación dunha das partes individuais das obras programadas para o curso.

Parte C) Pequena exposición oral presentando as características, contexto e autores das obras interpretadas.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B): Interpretar a parte individual da voz principal das obras presentadas. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, pulsación, ritmo, tempo, articulación e fraseo. (60% da puntuación).
- PARTE C) Presentación oral do repertorio interpretado (20% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante Rúbrica C (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominado durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio indicado para o curso.

6.1.5 Recursos didácticos

Ver anexos (punto 9.3 desta programación didáctica).

6.2 Curso: 2º de Grao Profesional

6.2.1 Obxectivos 2º curso

a) Afondar no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
b) Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra.
c) Respectar as normas que demanda toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.
d) Amosar un dominio da audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
e) Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.
f) Aplicar as ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
g) Ampliar a capacidade de lectura a primeira vista.
h) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
i) Realizar con naturalidade os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.
j) Interpretar obras representativas do repertorio do conxunto instrumental de dificultade axeitada ao nivel do grupo.

6.2.2 Contidos 2º curso

- A unidade sonora na interpretación en conxunto: respiración, afinación, vibrato, golpes de arco, articulación, ritmo, fraseo, fiato...
- Equilibrio sonoro na interpretación musical en grupo: planos sonoros, dinámica, acompañamento... (mínimo esixible)
- Traballo de agóxica e dinámica en conxunto. (mínimo esixible)
- Control da sonoridade e da afinación. (mínimo esixible)
- Desenvolvemento da igualdade de ataques.(mínimo esixible)
- Lectura a primeira vista de pequenos fragmentos da partitura (mínimo esixible)
- Estudo e/ou práctica dos xestos anacrúsicos básicos necesarios para tocar sen director/a.
- Traballo gradual do repertorio básico máis salientable da agrupación correspondente.
- Práctica de conxunto da agrupación correspondente.
- Análise e interpretación das obras do repertorio.
- Audicións comparadas de diversos intérpretes e análise crítica das características das diferentes versións.
- Práctica da repentización en obras con pouca dificultade.
- Participación en audicións e concertos como parte imprescindible da formación musical do intérprete.

6.2.3 Avaliación 2º curso

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

No 2º curso cómpre consolidar os fundamentos e actuar con maior autonomía. O alumnado debe preparar con máis regularidade o repertorio e resolver con seguridade as dificultades propias dun nivel moderado.

1. Mantén unha asistencia regular e puntual, leva o material preparado e chega aos ensaios coñecendo a súa parte.
2. Executa con seguridade técnica pasaxes de dificultade moderada, controlando os recursos instrumentais necesarios sen depender continuamente da axuda docente.
3. Mantén unha afinación estable e unha calidade sonora adecuada na maior parte do repertorio, e aplica as correccións recibidas.
4. Respecta o pulso e executa con precisión suficiente os ritmos, silencios, entradas e cambios de tempo traballados.
5. Le de maneira independente a súa parte no repertorio ensaiado e localiza entradas e cambios estruturais sen recordatorios continuos.
6. Escoita activamente as voces principais e adapta o volume, o tempo e o fraseo ás necesidades do grupo.
7. Estuda de forma regular, identifica dificultades concretas e corrixe erros habituais antes do ensaio.
8. Participa de maneira responsable, respecta as indicacións e colabora na continuidade do traballo colectivo.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise do nivel técnico e dominio do instrumento a nivel individual e de grupo.

b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción titorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizados na materia.
- Probas puntuais de nivel nos casos en que non sexa posible tocar en público ou o considere necesario o profesor/a.

Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación 2º curso

- **TRABALLO INDIVIDUAL E DE CONXUNTO (70%):**

- TÉCNICA DO INSTRUMENTO E TRABALLO INDIVIDUAL (14%): Executa con seguridade pasaxes de dificultade moderada e controla os recursos instrumentais necesarios sen depender continuamente da axuda docente. Organiza o estudo, identifica dificultades concretas e corrixe erros habituais antes do ensaio.
- LECTURA DA PARTITURA/LECTURA PRIMEIRA VISTA (14%): Le de maneira independente a súa parte no repertorio ensaiado e mantén a continuidade e a estrutura. Localiza entradas e cambios estruturais sen recordatorios continuos.
- AFINACIÓN E CALIDADE SONORA (14%): Mantén unha afinación estable e unha calidade sonora adecuada na maior parte do repertorio. Axusta o son e aplica as correccións recibidas sen depender de indicacións constantes.
- RITMO, ARTICULACIÓN, EMPASTE, ESTILO (14%): Respecta o pulso e executa con precisión suficiente os ritmos, silencios, entradas e cambios de tempo traballados. Coordínase coa agrupación e aplica articulacións e características estilísticas principais.
- ESCOITA E INTEGRACIÓN NO GRUPO (14%): Escoita activamente as voces principais e adapta o volume, o tempo e o fraseo ás necesidades do grupo. Estuda de forma regular e colabora na continuidade do traballo colectivo.

- **INTERPRETACIÓN (20%)**:Interpreta as obras traballadas en audicións, concertos públicos, audicións internas ou gravacións. *No mínimo esixible, completa a peza mantendo a estrutura e a concentración, e recupera con autonomía pequenos erros sen interromper o conxunto*.
- **ACTITUDE E INTERESE POLA MATERIA (10%)**: Mantén unha asistencia regular e puntual e chega cos materiais preparados e coñecendo a súa parte. Estuda de forma constante, participa responsablemente e respecta as indicacións e o traballo colectivo.

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a Rúbrica A publicada nesta programación (ver anexos).

6.2.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora,

principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dunha parte ou fragmento a elección do profesorado

Parte B) Interpretación da parte individual das obras/movementos traballadas en clase ata ese momento.

Parte C) Interpretación en grupo das obras/movementos traballadas en clase ata ese momento.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B): Interpretar a parte individual correspondente das obras/movementos traballadas en clase ata ese momento. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, pulsación, articulación e fraseo. (40% da puntuación)
- PARTE C): Interpretar dentro da agrupación as obras/movementos traballadas en clase ata ese momento, utilizando xestos adecuados, empaste sonoro, afinación, pulsación, dinámicas e articulación unificada ao grupo, reacción ás indicacións dos compañeiros da agrupación así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.(40% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante Rúbrica B (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá

demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dunha parte ou fragmento a elección do profesorado

Parte B) Interpretación dunha das partes individuais das obras programadas para o curso.

Parte C) Pequena exposición oral presentando as características, contexto e autores das obras interpretadas.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B): Interpretar a parte individual da voz principal das obras presentadas. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, pulsación, ritmo, tempo, articulación e fraseo. (60% da puntuación).
- PARTE C) Presentación oral do repertorio interpretado (20% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante Rúbrica C (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente o repertorio que considere non dominado durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio indicado para o curso.

6.2.5 Recursos didácticos

Ver anexos (punto 9.3 desta programación didáctica).

6.3 Curso: 3º de Grao Profesional

Só presente no currículo das ensinanzas profesionais de Piano e Guitarra

6.3.1 Obxectivos 3º curso

a) Afondar no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
b) Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra.
c) Respectar as normas que esixe toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.
d) Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
e) Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.
f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
g) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
h) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
i) Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.
j) Interpretar obras representativas do repertorio do conxunto instrumental de dificultade axeitada ao nivel.

6.3.2 Contidos 3º curso

- A unidade sonora na interpretación en conxunto: respiración, afinación, vibrato, articulación, pulsación, ritmo, fraseo...
- Equilibrio sonoro na interpretación musical en grupo: planos sonoros, dinámica, acompañamento... (mínimo esixible)
- Traballo de agóxica e dinámica en conxunto. (mínimo esixible)
- Control da sonoridade e da afinación. (mínimo esixible)
- Desenvolvemento da igualdade de ataques.(mínimo esixible)
- Lectura a primeira vista de pequenos fragmentos da partitura (mínimo esixible)
- Estudo e/ou práctica dos xestos anacrúsicos básicos necesarios para tocar sen director/a.
- Traballo gradual do repertorio máis salientable da agrupación correspondente.
- Práctica de conxunto da agrupación correspondente.
- Análise e interpretación das obras do repertorio.
- Audicións comparadas de diversos intérpretes e análise crítica das características das diferentes versións.
- Práctica da repentización en obras con pouca dificultade.

- Participación en audicións e concertos como parte imprescindible da formación musical do intérprete.

6.3.3 Avaliación 3º curso

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

No 3º curso, impartido neste itinerario a alumnado de piano e guitarra, esíxense un control técnico avanzado e maior madurez musical. O alumnado debe traballar con autonomía e comprender como a súa parte contribúe ao discurso da agrupación.

1. Mantén unha asistencia e puntualidade exemplares, chega preparado e sostén unha actitude responsable e respectuosa durante todo o ensaio.
2. Resolve con seguridade as esixencias técnicas do repertorio complexo e mantén a continuidade ante dificultades sen interromper a agrupación.
3. Controla a afinación e produce un son refinado e expresivo, axustando timbre e intensidade ás funcións da súa parte.
4. Executa con precisión ritmos, articulacións e cambios métricos do repertorio, coordinándose co conxunto.
5. Le con fluidez a súa parte, incluídas pasaxes novas adecuadas ao nivel, e comprende as indicacións principais da partitura.
6. Escoita de maneira anticipada, recoñece entradas e cambios de textura e facilita a coordinación musical dos compañeiros.
7. Organiza o estudo de maneira autónoma, identifica problemas e aplica estratexias eficaces para resolvelos.
8. Identifica e aplica as características estilísticas do repertorio no fraseo, a articulación e o carácter.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Considerararanse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise do nivel técnico e dominio do instrumento a nivel individual e de grupo.

b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción titorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizados na materia.
- Probas puntuais de nivel nos casos en que non sexa posible tocar en público ou o considere necesario o profesor/a.

Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación 3º curso

- **TRABALLO INDIVIDUAL E DE CONXUNTO (70%):**
  - TÉCNICA DO INSTRUMENTO E TRABALLO INDIVIDUAL (14%): Resolve con seguridade as esixencias técnicas do repertorio e mantén a continuidade nas pasaxes complexas. Organiza o estudo de maneira autónoma e aplica estratexias eficaces para superar dificultades.
  - LECTURA DA PARTITURA/LECTURA PRIMEIRA VISTA (14%): Le con fluidez a súa parte, incluídas pasaxes novas adecuadas ao nivel, e comprende as indicacións principais da partitura. Mantén a estrutura e anticipa cambios relevantes.
  - AFINACIÓN E CALIDADE SONORA (14%): Controla a afinación e produce un son coidado e expresivo, axustando timbre e intensidade á función da súa parte. Realiza correccións con autonomía e contribúe á homoxeneidade sonora.
  - RITMO, ARTICULACIÓN, EMPASTE, ESTILO (14%): Executa con precisión ritmos, articulacións e cambios métricos do repertorio, coordinándose co conxunto. Identifica e aplica as características estilísticas no fraseo e no carácter.
  - ESCOITA E INTEGRACIÓN NO GRUPO (14%): Escoita de maneira anticipada, recoñece entradas e cambios de textura e facilita a coordinación musical dos compañeiros. Comprende a función da súa parte no discurso colectivo e adapta a interpretación ás necesidades do grupo.
- **INTERPRETACIÓN (20%)**:Interpreta as obras traballadas en audicións, concertos públicos, audicións internas ou gravacións. *No mínimo esixible, ofrece unha interpretación completa e coherente, conserva o control ante imprevistos e recupérase dos erros sen perder a continuidade nin a atención.*
- **ACTITUDE E INTERESE POLA MATERIA (10%)**: Mantén unha asistencia e puntualidade exemplares e chega preparado para o ensaio. Organiza o estudo con autonomía, participa activamente e colabora de maneira respectuosa na resolución das dificultades do grupo.

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dunha parte ou fragmento a elección do profesorado

Parte B) Interpretación da parte individual das obras programadas para o curso. Se o alumno/a ten outra proposta de repertorio deberá consultala previamente co profesor/a para decidir se é válida para o curso.

Parte C) Interpretación no grupo das obras traballadas durante o primeiro trimestre do curso. O aspirante deberá realizar esta proba nunha sesión de clase de conxunto interpretando ditas obras/pezas dentro da agrupación correspondente. Se o alumno/a ten outra proposta de repertorio deberá consultala previamente co profesor/a para decidir se é válida para o curso.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B): Interpretar a parte individual correspondente das obras/movementos programadas para o curso. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, articulación e fraseo. (40% da puntuación)
- PARTE C): Interpretar dentro da agrupación correspondente as obras ou movementos propostos utilizando xestos adecuados, empaste sonoro, afinación, dinámicas e articulación unificada ao grupo, reacción ás indicacións dos compañeiros da agrupación así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.(40% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante Rúbrica B publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.3.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dunha parte ou fragmento a elección do profesorado

Parte B) Interpretación da parte individual das obras/movementos traballadas en clase ata ese momento.

Parte C) Interpretación en grupo das obras/movementos traballadas en clase ata ese momento.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B): Interpretar a parte individual correspondente das obras/movementos traballadas en clase ata ese momento. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, pulsación, articulación e fraseo. (40% da puntuación)
- PARTE C): Interpretar dentro da agrupación as obras/movementos traballadas en clase ata ese momento, utilizando xestos adecuados, empaste sonoro, afinación, pulsación, dinámicas e articulación unificada ao grupo, reacción ás indicacións dos compañeiros da agrupación así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.(40% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante Rúbrica B (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dunha parte ou fragmento a elección do profesorado

Parte B) Interpretación dunha das partes individuais das obras programadas para o curso.

Parte C) Pequena exposición oral presentando as características, contexto e autores das obras interpretadas.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B): Interpretar a parte individual da voz principal das obras presentadas. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, pulsación, ritmo, tempo, articulación e fraseo. (60% da puntuación).
- PARTE C) Presentación oral do repertorio interpretado (20% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante Rúbrica C (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente o repertorio que considere non dominado durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio indicado para o curso.

6.3.5 Recursos didácticos

Ver anexos (punto 9.3 desta programación didáctica).

6.4 Curso: 4º de Grao Profesional

Só presente no currículo das ensinanzas profesionais de Piano e Guitarra

6.4.1 Obxectivos 4º curso

a) Afondar no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
b) Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra.
c) Respectar as normas que esixe toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.
d) Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
e) Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.
f) Aplicar ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
g) Dominar a capacidade de lectura a primeira vista.
h) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
i) Realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.
j) Interpretar obras representativas do repertorio do conxunto instrumental de dificultade axeitada ao nivel.

6.4.2 Contidos 4º curso

- A unidade sonora na interpretación en conxunto: respiración, afinación, vibrato, articulación, pulsación, ritmo, fraseo...
- Equilibrio sonoro na interpretación musical en grupo: planos sonoros, dinámica, acompañamento... (mínimo esixible)
- Traballo de agóxica e dinámica en conxunto. (mínimo esixible)
- Control da sonoridade e da afinación. (mínimo esixible)
- Desenvolvemento da igualdade de ataques.(mínimo esixible)
- Lectura a primeira vista da partitura (mínimo esixible)
- Estudo e/ou práctica dos xestos anacrúsicos básicos necesarios para tocar sen director/a.
- Traballo gradual do repertorio máis salientable da agrupación correspondente.
- Práctica de conxunto da agrupación correspondente.
- Análise e interpretación das obras do repertorio.
- Audicións comparadas de diversos intérpretes e análise crítica das características das diferentes versións.
- Práctica da repentización en obras con pouca dificultade.
- Participación en audicións e concertos como parte imprescindible da formación musical do intérprete.

6.4.3 Avaliación 4º curso

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

No 4º curso, impartido neste itinerario a alumnado de piano e guitarra, requírense excelencia artística e capacidade de liderado na agrupación. O alumnado debe asumir responsabilidade polo resultado común e ofrecer unha interpretación madura e consciente.

1. Demostra un compromiso constante e unha responsabilidade de nivel profesional: asiste puntualmente, prepara o repertorio e cumpre os acordos do grupo.
2. Domina as esixencias técnicas avanzadas do repertorio e resolve pasaxes complexas con precisión, control e continuidade.
3. Produce un son artístico e flexible, mantén unha afinación coidada e axuda a orientar os axustes de afinación e equilibrio da agrupación.
4. Interpreta con precisión ritmos e articulacións complexas e adapta o fraseo e os planos sonoros ao estilo da obra.
5. Le con autonomía e fluidez partituras avanzadas, comprende a forma e a función da súa parte e anticipa dificultades.
6. Exerce un liderado musical positivo: anticipa entradas e cambios, dá apoio aos compañeiros e favorece a coordinación e a cohesión.
7. Ofrece unha interpretación madura, concentrada e expresiva en público ou gravación, e recupérase con autonomía ante imprevistos.
8. Contribúe de maneira observable ao resultado artístico global mediante a escoita, a preparación e a colaboración coa agrupación.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Considerararanse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise do nivel técnico e dominio do instrumento a nivel individual e de grupo.

b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción titorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizados na materia.
- Probas puntuais de nivel nos casos en que non sexa posible tocar en público ou o considere necesario o profesor/a.

Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación 4º curso

- **TRABALLO INDIVIDUAL E DE CONXUNTO (70%):**

- TÉCNICA DO INSTRUMENTO E TRABALLO INDIVIDUAL (14%): Domina as esixencias técnicas avanzadas do repertorio e resolve pasaxes complexas con precisión, control e continuidade. Planifica o estudo con criterio e adapta os recursos instrumentais ás necesidades expresivas e colectivas.
- LECTURA DA PARTITURA/LECTURA PRIMEIRA VISTA (14%): Le con autonomía e fluidez partituras avanzadas, comprende a forma e a función da súa parte e anticipa dificultades. Integra con rigor as indicacións estilísticas e expresivas.
- AFINACIÓN E CALIDADE SONORA (14%): Produce un son artístico, flexible e expresivo e mantén unha afinación coidada en todo o repertorio. Axuda a orientar os axustes de afinación, timbre e equilibrio da agrupación.
- RITMO, ARTICULACIÓN, EMPASTE, ESTILO (14%): Interpreta con precisión ritmos e articulacións complexas e adapta o fraseo e os planos sonoros ao estilo da obra. Mantén un empaste refinado e contribúe á coherencia rítmica e estilística do grupo.
- ESCOITA E INTEGRACIÓN NO GRUPO (14%): Exerce un liderado musical positivo: anticipa entradas e cambios, dá apoio aos compañeiros e favorece a coordinación e a cohesión. Integra a súa parte no discurso colectivo e contribúe activamente á unidade artística da agrupación.

- **INTERPRETACIÓN (20%)**:Interpreta as obras traballadas en audicións, concertos públicos, audicións internas ou gravacións. No mínimo esixible, ofrece unha interpretación madura, concentrada e expresiva, mantén a continuidade e recupérase con autonomía ante imprevistos.
- **ACTITUDE E INTERESE POLA MATERIA (10%)**: Asume con constancia a responsabilidade individual e colectiva, asiste puntualmente e prepara o repertorio con autonomía. Respecta os acordos do grupo, promove a cooperación e contribúe de maneira observable ao resultado artístico común.

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dunha parte ou fragmento a elección do profesorado

Parte B) Interpretación da parte individual das obras programadas para o curso. Se o alumno/a ten outra proposta de repertorio deberá consultala previamente co profesor/a para decidir se é válida para o curso.

Parte C) Interpretación no grupo das obras traballadas durante o primeiro trimestre do curso. O aspirante deberá realizar esta proba nunha sesión de clase de conxunto interpretando ditas obras/pezas dentro da agrupación correspondente. Se o alumno/a ten outra proposta de repertorio deberá consultala previamente co profesor/a para decidir se é válida para o curso.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B): Interpretar a parte individual correspondente das obras/movementos programadas para o curso. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, articulación e fraseo. (40% da puntuación)
- PARTE C): Interpretar dentro da agrupación correspondente as obras ou movementos propostos utilizando xestos adecuados, empaste sonoro, afinación, dinámicas e articulación unificada ao grupo, reacción ás indicacións dos compañeiros da agrupación así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.(40% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante Rúbrica B publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.4.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas considerararanse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dunha parte ou fragmento a elección do profesorado

Parte B) Interpretación da parte individual das obras/movementos traballadas en clase ata ese momento.

Parte C) Interpretación en grupo das obras/movementos traballadas en clase ata ese momento.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B): Interpretar a parte individual correspondente das obras/movementos traballadas en clase ata ese momento. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, pulsación, articulación e fraseo. (40% da puntuación)
- PARTE C): Interpretar dentro da agrupación as obras/movementos traballadas en clase ata ese momento, utilizando xestos adecuados, empaste sonoro, afinación, pulsación, dinámicas e articulación unificada ao grupo, reacción ás indicacións dos compañeiros da agrupación así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.(40% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante Rúbrica B (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá interpretar as obras programadas para o curso. Se o alumno/a ten outra proposta de repertorio deberá consultala previamente co profesor/a para decidir se é válida para o curso. Na proba deberase demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dunha parte ou fragmento a elección do profesorado

Parte B) Interpretación dunha das partes individuais das obras programadas para o curso.

Parte C) Pequena exposición oral presentando as características, contexto e autores das obras interpretadas.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B): Interpretar a parte individual da voz principal das obras presentadas. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, pulsación, ritmo, tempo, articulación e fraseo. (60% da puntuación).
- PARTE C) Pequena exposición do repertorio interpretado (20% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante Rúbrica C (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente o repertorio que considere non dominado durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio indicado para o curso.

6.4.5 Recursos didácticos

Ver anexos (punto 9.3 desta programación didáctica).

7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

A aplicación da programación didáctica será supervisada de maneira constante por parte do profesorado da especialidade, rexistrando o seu grao de cumprimento e eficacia, e as posibles incidencias ou desviacións na planificación da mesma.

Nas reunións do departamento didáctico de Conxunto Instrumental deixarase constancia deste seguimento así como de calquera outra incidencia a ter en conta para a súa avaliación, revisión e mellora.

8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Sen prexuízo de calquera outra medida que se estableza para a avaliación e mellora continua do sistema educativo e das ensinanzas musicais por parte da administración educativa competente, cada departamento didáctico realizará ao remate do período lectivo unha memoria final do curso. Nesta memoria farase constar o seguimento realizado sobre cada unha das materias, unha análise do grao de consecución, resultados obtidos e demais incidencias salientables, e indicaranse as posibles modificacións e propostas de mellora de cara a vindeiros cursos con respecto a esta programación didáctica, así como sobre o funcionamento e actividades do departamento didáctico.

9 ANEXOS

9.1 Probas de acceso a outros cursos

9.1.1 Probas de acceso a outros cursos do Grao Profesional

As persoas que desexen acceder a calquera curso de grao profesional distinto de 1º deberán realizar

unha proba de acceso que consta de dúas partes:

A parte A da proba consistirá na interpretación, no instrumento da especialidade ou coa voz no caso da especialidade de Canto, de 3 obras pertencentes a distintos estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, 1 deberase interpretar de memoria.

Na parte B da proba realizarase un exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores ao que se opte.

Para superar a proba deberase acadar unha cualificación mínima de 5 puntos en cada parte. A cualificación final da proba será o resultado da seguinte ponderación: parte A 70%, parte B 30%.

Tanto para a realización da parte A coma da parte B os aspirantes deberán presentarse co acompañamento que o repertorio requira. Dito acompañamento corre a cargo do aspirante.

A valoración da parte B desta proba será conforme ao establecido no documento Valoración da parte B das probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º e 6º curso de Grao Profesional, que se pode consultar na web do centro[1]

Contidos

Os indicados nesta programación para o curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

1 ENLACE: conservatoriosantiago.gal/contenido/uploads/2018/06/acceso-a-outros-cursos-info-parte-b-acceso-outros-cursos-gp.pdf

9.2 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, pola que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederase ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades e pódense consultar no centro ou na súa páxina web.

9.3 Repertorio orientativo por especialidades

CONXUNTO DE METAIS

- KING, ROBERT: Prelude and Fugue (1º G.P)
- OSBORNE, WILSON: Two Ricercari (1º G.P)
- REYNOLDS, VERNE: Theme and Variations (1º G.P)
- HARTMEYER, JOHN: Negev (2º G.P)
- SHAHAN, PAUL: Spectrums (2º G.P)
- HAZELL,CHRIS: Three Brass Cats (2º G.P)

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE TROMPETAS

- VASSILY BRANDT: Country Pictures
- LLAMAZARES P. F: Suite para cuarteto de trompetas.
- RODRIGUEZ, N.: Cuartetos para trompeta.

ENSEMBLE DE CLARINETES

- ALBÉNIZ, I.. Arr. Harold aarabell: Sevilla
- ALBINONI, T.: Sonata en Som. Arr. Jean Tilde.
- BOTSFORD, GEORGE. Arr. James “Red” McLeod: Black and White Rag
- BIZET, G.: "Adagietto" (adaptación para ensemble de clarinetes)
- BOHM, CARL: Cuarteto en Fa
- DEBUSSY, C.: Le Petit Nègre
- GORDON, P.: "Capriccio"
- GRIEG, E.: Trolltog Op. 54 nº 3. Arr. Benjamin Masciotta
- GRIEG, E.: Marcha fúnebre de Rikard Nordraak. Arr. Benjamin Masciotta
- GRUNDMAN, CLARE: Caprice for clarinets
- JEAN JEAN, FAUSTIN Y MAURICE.. Arr. Pierre Max Dubois. Guisganderie.
- JOPLIN, S.: The Entertainer, Elite Syncopations, The Favorite, The Easy Winners
- LOCKHART, B. Arr. Jorge Montilla: Estampas criollas
- MARTINEZ RUCKER, C.: Capricho andaluz
- MENDELSSOHN, F.: Song without words
- MOZART, W. A.. Arr. Paolo Leva: Serenata en Do m K. 388.
- MOZART, W. A.: Obertura de A frauta máxica
- RAVEL, M. Arr David Hite: Pavane pour une infante défunte
- RODEN, ROBERT R.: Sounds of the sea
- ROOST, JAN VAN DER :Rikudim
- STAMITZ, C.: "Concerto nº 3 para clarinete" (adaptación para ensemble de clarinetes)
- TARTINI: Adagio.
- TCHAIKOVSKY, P. I.. Arr. W. Johnson: “Andante cantábile” Cuarteto Op. 11
- VERDI, G.. Arr. Guido Six: Preludio de La Traviata
- VIVALDI, A.. Arr. Jacques Lancelot: Quatuor

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE FRAUTAS

- BOISMORTIER: Concertos para cinco frautas.
- EDWARD GRIEG: The last spring (adaptación para orquestra de frautas)
- DEBUSSY: The girl with the flaxen hair (adaptación para orquestra de frautas)
- GABRIEL FAURÉ: Cantique de Jean Racine (adaptación para orquestra de frautas con acompañamento de piano)
- HAENDEL: The arrival of the queen of Sheba. (adaptación para orquestra de frautas)
- ROSSINI: Finale of the William Tell Overture (arranxo para orquestra de frautas)
- C. HUGO GRIMM. Divertimento for eight flutes.
- WEBER: Euryanthe Overture for flute choir.

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

ENSEMBLE DE ÓBOES E FAGOTES

- MICHEL CORRETTE: Le Phénix.
- PIAZZOLLA: Libertango.
- MARIN VALTSCHANOV: Reminder for four bassoons.

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE SAXOFÓNS

- DVORAK: Serenata Op. 44
- VIVALDI: Concerto RV 537
- TCHAIKOVSKY: Selections from the Nutcracker Suite
- JOPLIN: 3 Ragtimes
- BACH: Tocata e Fuga
- FAURÉ: Pavane
- STREET: Petite Sweet
- TRADICIONAL: Dowd´s Favourite

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE VIOLINS

- Nelson, S.: Technitunes, Keytunes for violin, viola, chelo, (B & H)
- Bartók, B.: 44 Duos (e.m.b.) (Universal)
- Bartók, B.: Trios (from three-part choral works arranged by E. Szervánszky) (E.M.B.)
- Mozart, W. A.: Album for violin 2 Duos(E.M.B.)
- Pleyel, I.: Duos (Bloch) Vol. 1 op. 8 / Vol. 2 op. 48 (E.M.B)
- Mazas: Violin duets
- Berio, L.: duetti per due violini (UNI)
- Boccherini, L.: 3 violin duets op.5 (PET)
- Hindemith, P.: 14 Easy duets Ed. Schott
- Mozart, L.: 16 Duos for two violins (E.M.B.)
- Rossa / Szilvay: Colourstrings Volume 1, 2 e 3; Violin Duets , Ed. Fennica Gehrman
- Telemann, G. Ph.: Concerto in D major TWV 40: 202 for Four Violins without Bc (Ed. H.Engel)

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE VIOLAS

- VIVALDI: Concerto no 1 para catro violas
- HAENDEL: Sonata en sol menor para dúas violas e baixo continuo

- NELSON, SHEILA: Keytunes, colección de pezas para dúas violas e piano
- VIVALDI: Catro estacións (arranxo para ensemble de violas)

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE VIOLONCHELOS

- DUPORT: Sonata no1 e no2 para violoncello e piano
- GOLTERMANN: Romance for 4 cellos
- MARCELLO: Adagio e Allegro
- ELGAR: Salut d'amour 4 voces
- TELEMANN: Concerto para 4 violíns (arranxo para violonchelos)
- MANCINI: Baby elephant walk 4 voces
- PACHELBEL: Canon for 4 cellos

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE CONTRABAIXOS

- OFFENBACH: "The Can-can" for double bass Quartet. Recital Music RM022.
- BEETHOVEN: Three Equali " for double bass quartet". Recital Music RM 136
- ANÓNIMO (c.1500): "Dindirín, dindirín for double bass quartet". Recital Music RM156
- MOZART W. A.: "Ave Verum Corpus" Recital Music. RM007
- SHAKER SONG: "The Gift to be simple" for double bass quartet". Recital Music RM218
- SIMÓN GARCÍA: "Northern Lights" for 2 double basses". Recital Music RM 845.
- TONY OSBORNE: "Habanera" for double bass quartet". Recital Music R.M.036
- DAVID HEYES: "Four for four" for double bass quartet-. Recital Music. RM623

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE PERCUSIÓN

- THOMAS L. DAVIS: Rondó for percussion quintet
- HAENDEL: Música para os fogos artificiais

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE PIANOS

- Bizet, George: Jeux d'enfants
- Brahms, Johannes: Obras para piano a catro mans
- Diabelli, Anton: Sonatinas
- Fauré, Gabriel: Suite "Dolly"
- Milhaud, Darius: Scaramouche
- Mozart, W.A.: Obras para piano a catro mans
- Prokofiev, Sergei: Pedro e o lobo
- Saint-Saëns, Camille: O carnaval dos animais

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE GUITARRAS

2 Guitarras:

- Marchiña de carnaval y Modiña. C. Machado
- Boliviana. C. Machado
- Vals. F. Tárrega
- Milonga. J. Cardoso.
- Preludio, Interludio, Danza y Final. L. Brouwer.

3 Guitarras:

- Cubanita. F. Chaviano.
- Tango. F. Tárrega
- Alfonsina y el mar.
- Fugas IV y V. J. Pachelbel.
- Fugas I, II y III. J. Pachelbel

4 Guitarras:

- Adios a Cuba. I. Cervantes.
- Irish Folk Medley. J. Sparks.
- Invitación y Los tres golpes. I. Cervantes.
- The Entertainer. S. Joplin
- El gato montés (Pasodoble). Manuel Penella.
- Julia. J. Lennon-P. McCartney

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

9.4 Rúbricas de avaliación continua (avaliacións trimestrais)

ALUMNO/A:		CURSO:	1º GP	ESPECIALIDADE:		PROFESOR/A:	

	CRITERIOS / VALOR	INADECUADO (1 punto)	ACEPTABLE (2 puntos)	BO (3 puntos)	NOTABLE (4 puntos)	EXCELENTE (5 puntos)	PUNTUACIÓN	NOTA
Traballo Individual e conxunto (70%)	**TRABALLO INDIVIDUAL/ TÉCNICA DO INSTRUMENTO**	Presenta dificultades básicas de postura, dixitación, emisión, coordinación ou control do instrumento. Precisa axuda constante para preparar a súa parte e o estudo individual é moi irregular.	Resolve os pasaxes máis sinxelos, aínda que necesita orientación frecuente para mellorar a posición, a articulación, a emisión ou a coordinación. Realiza un estudo básico e irregular.	Executa a maior parte da súa parte con seguridade suficiente. Mantén unha postura e unha técnica adecuadas e realiza un traballo individual axeitado, aínda que con erros puntuais.	Mostra un control técnico estable nos contidos propios do primeiro curso. Estuda con regularidade, aplica as correccións e resolve con autonomía dificultades sinxelas.	Domina con seguridade os fundamentos técnicos, estuda con criterio e adapta os seus recursos ás necesidades do conxunto, mostrando unha evolución especialmente sólida para o nivel.		
	LECTURA DE PARTITURA /LECTURA A PRIMEIRA VISTA *C. MÍNIMO ESIXIBLE*	Ten dificultades para seguir a súa parte, manter o pulso e recoñecer notas, ritmos ou indicacións básicas. Perde con frecuencia a estrutura musical.	Le fragmentos sinxelos con apoio. Respecta algúns elementos básicos, pero presenta erros de notas, ritmo, articulación ou dinámica. ***VALOR MÍNIMO ESIXIBLE***	Interpreta correctamente a maior parte da partitura e segue a estrutura xeral da obra. Pode realizar lecturas sinxelas con certa seguridade.	Le con fluidez as partes traballadas, mantén a continuidade e comprende as principais indicacións de ritmo, dinámica, articulación e carácter.	Realiza unha lectura precisa e musical, preparada ou á primeira vista dentro do nivel, comprendendo desde o inicio a función da súa parte.		
